

A Deputación de Ourense homenaxea á decana do Ilustre Colexio de Procuradores de Ourense no seu ciclo "8 M, Mes a Mes", Dona Ana María López Calvete.

- **A homenaxeada deste mes é a primeira muller na historia da institución ourensana en acceder ao decanato.**
- **O recoñecemento pon en valor o peso das mulleres na transformación da xustiza e a loita incansable pola modernización e dignidade da muller profesional (neste caso da procura).**

UN ELO IMPRESCINDIBLE NA XUSTIZA

OURENSE, 8 DE XUÑO DE 2026.— O programa "8 M, Mes a Mes", impulsado pola Deputación Provincial de Ourense para visibilizar o talento, o liderado e a pegada das mulleres na sociedade, dedica o seu recoñecemento deste mes de xuño ao ámbito da xustiza. Nesta ocasión, o foco sitúase sobre o colectivo da procuradoría, rendendo unha calorosa e merecida homenaxe á actual decana do Ilustre Colexio de Procuradores de Ourense, a procuradora dos tribunais Dona Ana María López Calvete, **primeira muller na historia da institución en acadar o decanato.**

Natural de Cartelle e, por coquetería con data de nacemento descoñecida, licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), a traxectoria da homenaxeada é o reflexo da vocación descuberta, o compromiso institucional e o profundo amor á súa terra. Como tantos mozos recén licenciados, os seus inicios estiveron cheos das lóxicas incertezas de quen empeza; foi o consello dun vello avogado o que a orientou cara a unha profesión entón —e aínda hoxe— de máis descoñecida, pero cuxo papel vertebrador a cativou de inmediato.

Dunha profesión artesanal á vangarda tecnolóxica

Aquel inicio na procura mergullouna nun oficio que por entón se exercía de forma case artesanal. Un eslabón esencial e invisible encargado de intermediar, impulsar, facilitar e coadyuvar á eficacia e axilidade da Administración de Xustiza. Nas súas máis de tres décadas de exercicio, a decana foi testemuña e protagonista dun dobre envorco histórico:

- **A feminización da Xustiza:** Comezou a súa carreira nun contorno eminentemente masculino. Hoxe, as mulleres son xa unha clara maioría en case todos os niveis do ámbito xudicial.
- **A revolución dixital:** A procuradoría consolidouse como unha profesión pioneira na implantación dos avances tecnolóxicos na xustiza.

A súa constante inqueda por mellorar o sector e dignificar o oficio levouna primeiro ao vicedecanato y, actualmente (dende decembro de 2023), á cúspide do Ilustre Colexio como decana, compaxinando este labor coa súa vocalía no Consello Galego da Procuraduría e a súa faceta docente no Máster de Acceso á Avogacía e á Procuradoría, onde transmite a súa experiencia ás novas xeracións.

Reivindicación e compromiso social

Máis alá da xestión institucional, a homenaxeada destaca pola súa loita incansable na defensa dos seus colexiados como actores imprescindibles do impulso procesual. O seu cabalo de batalla

céntrase na fase de execución xudicial, o momento crítico onde os cidadáns damnificados xogan a súa estabilidade económica.

Desde o decanato, abandeira unha reivindicación clara e ambiciosa para dotar á procura de competencias directas que axilicen o sistema de forma real: o manexo do **Punto Neutro Xudicial** para dotar de efectividade ás execucións, a xestión das **contas de consignacións e depósitos** para mobilizar cara aos xustizables o diñeiro que hoxe permanece inmovilizado na administración xudicial, e maiores atribucións executivas en beneficio da cidadanía.

O motor vital: Nai, muller e ourensá

A pesar dun currículo marcado polos fitos e a ruptura de teitos de cristal, a Deputación de Ourense quixo ensalzar neste "8 M, Mes a Mes" a vertente máis auténtica da homenaxeada. Detrás da representante institucional e da firme defensora da igualdade efectiva na xustiza, encóntrase, por riba de todo, **unha nai, unha muller e unha ourensá orgullosa das súas raíces**. Unha profesional que personifica o espírito do programa: liderado con rostro humano, excelencia na xestión e un compromiso inquebrantable coa súa provincia.

Para máis información ou xestión de entrevistas:



#igualOU